

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 26/2034

### Feitos

**Primeiro.** O servizo de persoal docente e investigador recibe comunicación de que o membro da comisión de selección da praza 26/2034, profesor/a asociado/a da área de coñecemento de Didáctica da Expresión Plástica do departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación, Adela Milagro Reig Botella, representante do persoal traballador, non pode formar parte da Comisión de Selección por causas sobrevidas.

**Segundo.** O Comité de Empresa de PDI laboral formulou unha nova proposta de representante do persoal traballador.

### Consideracións legais e técnicas

O artigo 6.7 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada en Consello de Goberno de 07.11.2024, establece que nas prazas do ámbito laboral formará parte das comisións de selección un membro proposto pola representación dos/as traballadores/as, que actuará con voz e sen voto.

O artigo 6.10 da citada normativa, establece que o nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra unha causa xustificada que impidise a súa actuación, como é este caso.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 126 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 94/2025 do 6 de outubro, (DOG do 27 de outubro).

De acordo co indicado, dispón a seguinte substitución, para a comisión da praza indicada:

**Representante do persoal traballador**, substitúese a Adela Milagro Reig Botella por Pedro Vega Marcote.

A Coruña, na data da sinatura electrónica  
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)  
A vicerreitora de Profesorado  
María Teresa López Fernández